



RELATORIO DE CULTURA

CONCLUSIÓNS DEFINITIVAS

- 1.-** As comunidades galegas do exterior contan cun importante patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico que souberon recoller e custodiar ó longo da súa existencia e comparten coa Comunidade Autónoma de Galicia o interés por preservalo de cara ó futuro, tal como ten manifestado explicitamente nas distintas normas legais aprobadas.
- 2.-** As comunidades galegas coinciden coa Xunta de Galicia na importancia e na necesidade de elaborar conxuntamente un plan de actuación que protexa e permita coñecer, inventariar, conservar, poñer en valor, difundir e compartir o seu patrimonio cultural, documental, bibliográfico, histórico e artístico.
- 3.-** As comunidades galegas entenden que o obxectivo dese plan debe responder ás necesidades de conservación do fondo documental e artístico para garantir a súa permanencia na memoria das colectividades de emigrantes, constituíndo un factor relevante no recoñecemento e identidade do conxunto da nosa cultura, construída tanto desde a Galicia territorial como na Galicia exterior. Consecuentemente deben comprometerse a colaborar en todo canto estea da súa man para facilitar a información necesaria relativa ó patrimonio co que contén nos termos que se acorden.
- 4.-** As comunidades galegas comparten os principios que inspiran o Plan Director do Patrimonio das Sociedades Galegas no Exterior que se presentou na Comisión do Relatorio de Cultura así como as súas liñas estratéxicas de actuación e, como axentes directamente afectados ou involucrados, queren ser partícipes activos na elaboración das medidas concretas para a súa execución e manifestan que se botan en falta algunha mención respecto do financiamento para a execución de dito Plan.
- 5.-** A comisión acorda requirir da Xunta de Galicia que inicie os tramites para dar cumprimento ao establecido no artigo 27 da Lei 7/2013, da Galeguidade en canto a creación dun Centro de Referencia da Emigración Galega e da Galeguidade.
- 6.-** O espallamento e a potenciación da lingua e da cultura galega fóra das fronteiras territoriais de Galicia debe seguir sendo un obxectivo prioritario da Xunta de Galicia. A lingua, como patrimonio cultural de valor primordial e creación colectiva do noso pobo, e a nosa principal marca de identidade.
- 7.-** Debese seguir potenciando a consolidación, o ensino e a investigación da lingua e da cultura galega nas universidades de fóra de Galicia nas que xa existe como materia de estudo e introduciilo noutras universidades de interés estratéxico.



8.- Conscientes de que as identidades colectivas e tamén as individuais constrúense á luz da mirada que sobre elas proxectan os ollos alleos, ínstase á Xunta de Galicia para que non decaía no seu esforzo e reforce a influencia positiva no mantemento e espallamento da lingua e da cultura do noso pobo fóra das fronteiras da Galicia territorial para que, naqueles países nos que noutrora se asentaron os emigrantes galegos, sega viva a identidade dun pobo orgulloso de seu, potenciando as potencialidades, agora chamadas “marca- país”, para situar a Galicia ó mesmo nivel que outros pobos de referencia internacional.

Somos conscientes de que non se debe escatimar nos medios e nos recursos achegados para este fin, xa que serán devoltos a Galicia acrecentados con abundantes xuros. ¡O que non sementa non recolle!

9.- Mais alá do grande e apreciable labor realizado no exterior ao longo do tempo polas entidades, asociación de galegos e de persoas individuais (escritores, poetas, cantores..) da emigración, a defensa e difusión da lingua e dos valores culturais de Galicia precisan de organismos que as defendan e proxecten fóra do ámbito xeográfico que lle é propio.

Por iso instan a que se continúe e potencie a actividade da rede de lectorados universitarios e de centros de estudos galegos, como órganos de referencia a través dos cales se canalicen as actividades promotoras da nosa lingua, tanto no ámbito académico como na súa área de influencia, e se promovan novas institucións que contribúan non só á difusión do galego senón, tamén, ó seu prestixio no exterior.

10.- Ínstase á Xunta de Galicia a que aproveite a rede de centros e asociacións galegas, espalladas polo mundo enteiro, para acoller de xeito amplo e estable o ensino da lingua e da cultura galega, con especial referencia a xuventude, potenciando e ampliando os cursos que ven impartindo por profesores licenciados en filoloxía galega.

11.- Cómpre que a Xunta de Galicia elabore e execute campañas de concienciación entre o empresariado galego tendentes a que interioricen que a nosa lingua é un valor rendible se se utiliza como unha ferramenta de internacionalización, e é unha vantaxe competitiva para interactuar nun mercado de máis de 200.000.000 de potenciais clientes nos países lusófonos, que foron, tradicionalmente, e seguen a ser unha saída natural para a empresas galegas. Non debemos esquecer aquela “premonición” feita hai máis de 70 anos por Valentín Paz-Andrade, e que hoxe segue vixente: “Galicia é fonte, Portugal ponte, e o Brasil algo que se asemella ó paraíso prometido”.

12.- Por último, aínda que hoxe tamén se podería interpretar como “de primeiro”, e fundamental, hai que aproveitar a enorme potencialidade que nos proporcionan as novas ferramentas tecnolóxicas e de comunicación que nos permiten impulsar a lingua na rede para superar o reto que se nos presenta de espallar un idioma románico que está gañando a súa internacionalización.

13.- Como corolario final consensuamos que a lingua e a cultura galega prevalecerá no futuro se está presente en tódolos espazos sociais. É obriga da nosa xeración non aforrar esforzos de cara a conseguir obxectivo tan honrado.